

UGT e CCOO esixen un convenio que resolva a actual crise de MUFACE

Os sindicatos maioritarios han solicitado unha reunión urxente ao ministro de Función Pública para alcanzar solucións que aseguren a atención sanitaria do funcionariado.

Madrid, 20 de xaneiro de 2025

Os sindicatos UGT e CCOO instan o Goberno e ás aseguradoras para alcanzar un acordo razoable e satisfactorio, que garanta a estabilidade nos servizos de asistencia e calidade sanitaria das e os empregados públicos, evitando recortes que poidan afectar a atención das persoas mutualistas que actualmente están en MUFACE.

As dúbidas respecto da licitación manteranse por varios días máis, despois de que o Goberno decidise postergar o prazo de peche ata o 27 de xaneiro. Pero a incerteza non acaba alí, pois haberá que ver como finaliza o proceso e cales serán as medidas que se implementarán para asegurar a continuidade do servizo e garantir a cobertura e a calidade.

Ata hoxe, e a pesar dos intentos do Ministerio de Función Pública por acougar ás persoas mutualistas, non hai nada claro respecto a o seu futuro. Agora, as aseguradoras, na súa ambición insaciable de rédito económico, seguen presionando para que o Goberno aumente o financiamento. Pola súa banda, o Goberno tampouco aclarou que pasará se a segunda licitación quedase deserta e cales serían os escenarios posibles en caso de chegar a esa situación.

Sexa como sexa, UXT e CCOO reiteran as súas reivindicacións en canto a que é prioritario que o Goberno ofrezca certezas e garantías a quen actualmente están na entidade mutualista, que se presenten as medidas que fagan falta para evitar o colapso da sanidade pública no caso de que a licitación non chegue a bo porto e, por suposto, que se lles inclúa no proceso para velar pola seguridade da atención sanitaria das persoas mutualistas.

Finalmente, os sindicatos consideran que será imprescindible abrir un espazo de reflexión para garantir a futuro a asistencia sanitaria de funcionarias e funcionarios públicos, evitando a incerteza cada dúas ou tres anos.

UGT-Servicios Públicos

Avda. de América, 25 - 3ª Planta – 28002 Madrid - Tel.: +34 699 439 544/ 915 897 231

    www.ugt-sp.es

UGT é a primeira Forza Sindical nas Administracións Públicas cunha representatividade do 34,66% e 5 membros na Mesa de Negociación das Administracións Públicas.